

Juan Antonio Posse Varela

(Soesto-Laxe, A Coruña, 1766-San Andrés de Rabanedo, León, 1854).

Xosé M^a Lema Suárez

Contido:

1. Introducción.
2. Biografía.
3. Comentarios e análises da vida e á obra de J. A. Posse.
4. Outros analistas da vida e obra de Posse.
5. Juan Antonio Posse e a lingua galega.
6. Bibliografía.

Introdución

Juan Antonio Posse foi un sacerdote galego que exerceu o seu ministerio en León de 1794 a 1854, data da súa morte. É unha figura de interese para a historia de España, pero tamén para a de Galicia, malia que a súa figura está bastante esquecida. Dos seus escritos coñecidos, son de salientar dúas obras políticas de carácter constitucionalista: un sermón do 28 de novembro de 1812 defendendo a Constitución de Cádiz -publicado ese mesmo ano en León e reeditado o ano seguinte na Coruña- e unha crítica á Constitución de 1837 -publicada en 1838-; tamén son de varios artigos publicados coas iniciais do seu nome en *El Ciudadano por la Constitución*, da Coruña (en 1813). Non obstante, o máis interesante de todo o que escribiu foron as súas memorias, redactadas en 1834, que permaneceron inéditas ata que Gumersindo de Azcárate conseguiu publicalas entre 1916 e 1918 na revista *La Lectura*; en 1984 o hispanista estadounidense Richard Herr -profesor emérito da Universidade de Berkeley (California, EE.UU.)- volveunas publicar na editorial Siglo XXI, poñendo de novo de actualidade a figura do crego galego. Destas memorias, das que desapareceu o manuscrito orixinal, quedou sen publicar o período final, de 1820 a 1834.

O interese pola figura de Posse está no feito de ser un eclesiástico que se aparta das características xerais dos seus colegas da época, pois, aínda que algúns destes cualificativos son discutidos polos estudosos da súa vida e obra, pasa por ser un sacerdote ilustrado e liberal, constitucionalista español e tamén pregaleguista; republicano nunha época en que poucos o eran; colectivista cando todo o liberalismo defendía con uñas e dentes a propiedade privada; anticlerical -e loitador a morte contra a Inquisición- e, á vez, profundamente crente e relixioso ata case o integrisimo, debido á influencia que exerceran nel as lecturas xansenistas.

Biografía

“A las extremidades de la Europa occidental nació D. Juan Antonio Posse, en Quintáns means, lugarcillo de la Parroquia de San Estevan de Suesto, Jurisdicción de Vimianzo, en el Arzobispado de Santiago, el cual, por ser el más bajo e inmediato a las riberas del mar, se llama también lugar de Abajo, acia fines del año de 1766, de una familia honesta”.

Así empeza Juan Antonio Posse Varela a súa *Historia biográfica, ó historia de la vida y hechos de Don Juan Antonio Posse, escrita por el mismo hasta el año 1834*. En efecto, como el di unhas páxinas máis adiante, naceu na parroquia de Santo Estevo de Soesto -daquela pertencente á xurisdición de Vimianzo e provincia de Santiago, hoxe ó Concello de Laxe e provincia da Coruña- o 26 de decembro de 1766, recibindo os nomes de Juan -por ser o santo do día do bautismo (neste caso, o seguinte ó día do nacemento: san Xoán Evanxelista)- e de Antonio -este escolleito polos padriños-.

Polo que nos conta na súa autobiografía, Posse pasou a súa infancia no seu Soesto natal



Praia de Soesto, onde se bañou o mozo Posse en 1790 (foto X.M.Lema)

axudando a seus pais, Ignacio Posse e Mariana Varela, alindando o gando da casa e axudando na labranza. En 1779, ó cumprir 12 anos, decidiron dedicalo a estudar, e, acompañado do seu proxenitor marchou para o veciño reino de León, en concreto para a aldeíña de Las Muñecas, en pleno páramo leonés, para facer estudos eclesiásticos baixo a tutela dun tío seu, que era o párroco deste lugar. Este seu tío, que o recibiu friamente, procuraríalle estudos de

gramática e mandaríao estudar á Universidade de Valladolid.

Unha vez ordenado, exercería o seu ministerio en tres parroquias leonesas: en Llánaves de la Reina (1794-1798), un lugar afastado nas montañas setentrionais leonesas lindadeiras coa Liébana cántabra; en Lodares (1798-1807) -tamén no norte leonés, pero xa máis cara ó páramo-, e San Andrés del Rabanedo (1807-1854), parroquia que daquela era un simple arrabalde da cidade de León e hoxe, cuns 30.000 hab, a terceira cidade da provincia, despois da propia capital e Ponferrada.

Na montañosa Llánaves chegara a negarilles os sacramentos a algúns homes polo maltrato que estes lles daban ás súas mulleres, as que “golpeaban, arrastraban y trataban brutalmente”; En varias ocasións manifestou a súa aversión a calquera tipo de violencia, xa fose contra os animais, xa contra os humanos; os castigos que se lles impoñían ós nenos para educalos tamén eran motivo do seu rexeitamento. Pero alí observou algo que lle quedaría marcado de por vida: que as terras eran comúns, repartidas a partes iguais e sorteadas entre os veciños cada doce anos. Isto vai motivar que, fronte á defensa da propiedade privada do liberalismo tradicional, el se manifeste firme defensor do colectivismo; fronte á defensa que fai Jovellanos da propiedade privada, el será defensor ó longo de toda a súa vida do colectivismo, atribuíndolles ás riquezas a causa da corrupción dos pobos.

Parafraseando a R. Herr, diremos que todo se prestaba para facer del un crego calquera, rutineiro e reaccionario, pero acabou sendo un crego ilustrado e de ideoloxía liberal –no senso político do termo; non tanto no senso económico- que buscou a forma de poder ler obras de autores prohibidos pola Inquisición (como Rousseau, Montesquieu, Adam Smith, Mabli, Tamburini etc.). Sendo estudante xa se sentira atraído polo xansenismo francés, que daquela era unha forma de opoñerse ó ultramontanismo e á doutrina dos xesuítas. Xa daquela se manifestara contra a infalibilidade do Papa. Na afastada Llánaves lera un autor tan prohibido como Tamburini, xansenista italiano, crítico coa Inquisición; nesta parroquia chegara a agochar libros conflitivos entre as rochas da montaña. En Lodares tratará de ler máis libros xansenistas. Coincidía co xansenismo e co galicanismo en buscar nas fontes da Igrexa primitiva, anterior ó establecemento das ordes relixiosas e á supremacía do Papa, o cristianismo máis puro; tamén se vería embebido polo espírito puritano dos seguidores de Iansenius.

Merca gramáticas e dicionarios e aprende francés pola súa conta para poder acceder a libros estranxeiros non permitidos pola Inquisición, como algúns de Rousseau e Fénelon. Tamén aprende italiano e obtén licenza para ler libros prohibidos, cousa que o vai facer feliz, posto que isto lle permitirá dispoñer dunha boa biblioteca, da que se sentirá fachendoso; biblioteca extensa que en dous baúis e unha arca fará trasladar en 1811 por un arrieiro maragato á súa casa materna de Soesto, para logo facela tornar de novo a León en 1812.

En 1807 consegue o que ambicionaba: un curato ás portas da cabeza do seu bispado, a cidade de León, porque se consideraba con méritos para ser algo máis ca un cura de aldea. Pensaba que ía ser feliz alí, pero esta proximidade ó bispo e á cidade leonesa vaille traer unha chea de contratemplos. Tratará inutilmente de obter un curato en Galicia (o de Santa Sabiña da Terra de Xallas, que quedara vacante á morte doutro tío seu cura), pero atoparase coa oposición do arcebispo compostelán Rafael de Múzquiz, e non vai ter máis remedio que permanecer en San Andrés de Rabanedo ata a súa morte, acontecida en 1854, ós 87 anos, unha idade ben lonxeva para a época.

En 1808 prodúcese a invasión napoleónica e, malia as simpatías que sentira pola Revolución (e pola República) francesa, Posse opoñeráse á invasión. Consideraba que a revolución acabara secuestrada polo xugo militarista e cesarista de Napoleón. Presta acubillo na súa casa ós patriotas perseguidos polo exército invasor, e en 1809 e 1811 os soldados franceses saqueánlle a mansión. En 1810 os partidarios leoneses do rei Xosé I ofrécenlle unha coenxía, que rexeita de inmediato. Ese mesmo ano desprázase ó Bierzo para participar na elección dos deputados “de esta provincia” nas Cortes e Cádiz; el propuxera ó seu amigo Félix Acebedo, de ideoloxía liberal, pero este non saíra elixido.

O 29 de novembro de 1812 pronunciará ante os seus fregueses de San Andrés un sermón ou discurso de eloxio á Constitución que fora promulgada en Cádiz o 19 de marzo do mesmo ano. Convencido polo comandante Juan Díaz Porlier e outros amigos liberais deu este *Discurso sobre la Constitución que dixo Don Juan Antonio Posse* para a súa publicación, facéndose unha edición en León a finais deste mesmo ano e unha reedición na Coruña á ano seguinte (neste último caso ás expensas dos redactores da publicación periódica liberal coruñesa *El Ciudadano por la Constitución*).

Esta defensa da Constitución estará motivada principalmente porque ela promovía a igualdade entre todos os cidadáns fronte ós estamentos do Antigo Réxime, deixando así de seren súbditos sen dereitos: “Ya no somos esclavos de los reyes: ya somos hombres libres”, frase que non disimula para nada o seu republicanismo. O poder arbitrario dos monarcas críticao en varias ocasións, manifestando tamén a súa aversión natural “á la servidumbre, al despotismo e aún a los reyes, por cuanto nos los representa la sagrada escritura por Samuel como tiranos.



Non atopa contradición entre a obra lexislativa de Cádiz e a relixión: a Constitución dá-lle a posibilidade de volver á relixión santa dos primeiros séculos do cristianismo (o que reflicte a influencia das lecturas xansenistas no seu pensamento). Isto implica a abolición da Inquisición. Felicita ós lexisladores por garantiren a práctica exclusiva da relixión católica

en España (o polémico artigo 12, concesión ós deputados conservadores de Cádiz que claramente contradi a liberdade relixiosa).

Esta entusiástica defensa do primeiro texto constitucional español vai ser a principal das causas polas que será procesado e condenado durante o primeiro período absolutista de Fernando VII (1814-1820). Non fora este o único delito que se lle imputaba: tamén se lle acusaba de ser desafecto ó Sumo Pontífice e de pedir a abolición da Inquisición; o delator será o seu propio bispo. Todos estes procesos acrecentarán a súa xenreira e desprezo contra o propio estamento ó que pertencía (“En mis desahogos solía decir: que los más malos de los

hombres eran los inquisidores; después los frailes; después los clérigos, y los últimos, los militares” (Posse/apud Herr 1984: 185).

Fuxido en 1816 do convento onde o encerraran, chega a Madrid, onde de novo é detido e volve á cadea ata 1818. Recupera temporalmente a liberdade e, mentres espera a resolución da súa causa, marcha a Galicia en xullo de 1819, onde pasa cinco meses moi feliz agasallado no seu lar natal, Soesto, por parentes e amigos. Retorna a León e, en xaneiro de 1820, comunícanlle a súa condena de encerro nun convento durante seis anos.

Afortunadamente o pronunciamento a favor da Constitución de 1812 dos militares liberais Del Riego e Quiroga, iniciado o 1 de xaneiro de 1820 en Cabezas de San Juan (Sevilla), acabaría triunfando o 21 de febreiro do mesmo ano –en boa parte grazas ó apoio dos oficiais do exército destinados na Coruña e do importante grupo liberal burgués desta cidade- e Posse xa non tería que cumprir esa longa condena. Iníciase o que despois se chamará Trienio Constitucional (1820-1823). Por fin chegan ó poder os que el consideraba os seus correligionarios políticos, os liberais, que tentarán promovelo para bispo de Tortosa, cousa que rexeitou. Axiña vai caer no desencanto, unha vez que viu que os deputados liberais nas Cortes non tomaban as decisións que había que tomar, senón que “eran unos pasteleros que no pensaban sino en sus colocaciones y en la de sus amigos, para lo cual se aumentaban los sueldos” (Posse/apud Herr 1984: 249).

Este desencanto vai facer que confíe como última táboa de salvación nos seus amigos liberais coruñeses, ós que lles envía unha polémica carta nestes termos:

“Por esta desconfianza y presentimiento de nuestra ruina escribí a La Coruña y a mi país [Galicia] para tratar de hacerse independiente, erigiéndose en República libre y separada de los demás, pues tenían todo lo necesario para poderse gobernar por sí mismos. Y en este caso podían hacerse confederados de los otros españoles, aliados natos de los ingleses y otras cosas de esta especie que entonces se me ocurrieron. (...) No gustó esta protesta, y aún fue causa de que se me tuviese por loco en lo sucesivo, y me vi precisado a recoger velas, no volviendo a hablar de ello” (Posse/apud Herr 1984: 249).

Richard Herr comenta, no tocante a esta carta, que polo desengano que tivo dos liberais do Trienio, “que no son mejores que los demás, termina –por estas razones- convertido, curiosamente, en un protonacionalista galego” (Posse/apud Herr, p. 293). Para Lema Suárez (1998: 27) esta misiva, anecdótica ou non, constitúe o primeiro manifesto reivindicativo do galeguismo contemporáneo. Durán López (2008: 156-160) quíttalle importancia a esta proposta supostamente “protonacionaísta, protogalleguista o protorregionalista” contida en tan só media ducia de liñas, porque Posse nos seus sermóns defende unha idea liberal de «nación» identificada con España, “una nación de carácter unitario”; precisa, ademais, que tal proposta era máis confederal que independentista, e que fora lanzada como unha dura crítica contra os vellos liberais doceanistas que participaron nas Cortes de Cádiz (Argüelles, Toreno...) e que agora constituía o núcleo moderado do partido; Posse identifícase con esta proclama cos exaltados e chama ós moderados «pasteleros»; Durán considera que en 1820 latexaba en Posse “una pulsión anticentralista y antipolítica, una desconfianza innata hacia la élite dirigente que copa el poder en un régimen parlamentario centralista”. Para este analista, a proposta de Posse de independencia galega seguida de confederación cos outros españois depende máis de refundar a liberdade nacional desde abaixo, desde o pobo, despois dun desengano cara ás elites dirixentes, e non dun sentimento patriótico ou nacionalista identificado con Galicia.

Seguramente este manifesto puido ser unha arroutada produto do enfado, pois el mesmo admite que se vira precisado “a recoger velas, no volviendo hablar de ello” ó non gustar esta protesta. Así e todo, cómpre ter en conta que, aínda que fose por un momento, el viu en Galicia algo distinto, diferencial, que xustificaba que a súa *patria* puidese aspirar a autogobernarse (“tenían todo lo necesario”). Pera non excluír Galicia de España pensou de

inmediato nunha fórmula intermedia: a confederación. Mais, ¿porque considerou que Galicia reunía unhas características específicas para autogobernarse e non o reino de León no que levaba vivindo a maior parte da súa vida? Historiadores galegos contemporáneos como X.R. Barreiro Fernández¹ teñen probado que durante a Guerra da Independencia contra os franceses Galicia se comportara como un reino, demostrando que sabía gobernarse por si mesma, pois a Xunta Suprema de Galicia autoorganizara a defensa creando un exército propio, enviara embaixadores a Gran Bretaña, montara un aparato administrativo... de tal xeito que os galegos foran os primeiros en expulsaren os franceses do seu territorio antes que ningún: os franceses entraran en xaneiro de 1809 e en xuño do mesmo ano, tras a batalla de Ponte Sampaio, xa estaban fóra; Barreiro afirma que foi o pobo galego, e non o exército regular español, quen os venceu.

Non se pode analizar esta misiva sen calibrar a importancia que naqueles momentos tiña o liberalismo galego, e moi particularmente o coruñés, en España. Na Coruña tivera lugar un dos primeiros pronunciamentos a favor da restauración da orde constitucional, o do mariscal Juan Díaz Porlier, en 1815, que fora detido en Madrid en 1814 e trasladado ó castelo de Santo Antón condenado a catro anos de cárcere. Desde a cela deste castelo preparou o pronunciamento do 18 de abril de 1815, co apoio da maioría da tropa, de boa parte da burguesía coruñesa e de destacados oficiais de Ferrol. A Coruña, en 1820, acababa de ser o principal bastión de apoio ó triunfo definitivo do pronunciamento de Rafael del Riego e Quiroga. Como ben aprecia Ana Romero Masiá (2008: 32-33), de quen tomamos estes datos, “estes acontecementos fixeron que esta cidade, xunto con Cádiz, merecesen o cualificativo das máis liberais de España”.

Non se esqueza, tampouco, que, despois do 21 de febreiro de 1821, na Coruña se constituíu unha Xunta Superior de Goberno que asumiu a plenitude do poder, á espera da decisión que tomasen as Cortes. Unha vez conseguido o obxectivo básico esta Xunta Superior cesou nas súas funcións tras realizar unha intensa actividade organizativa e lexislativa. É dicir, que o grupo liberal da Coruña acababa de demostrar unha vez máis que sabía tomar as rendas do goberno, tanto, que a súa actuación fora a decisiva para obrigar ó rei absoluto a aceptar a “senda constitucional”.

En suma, dun xeito ou doutro, obviamente sen pretendelo, Posse foi todo un precursor do provincialismo e do rexionalismo galego do séc. XIX, pero, como as súas memorias permaneceron inéditas durante máis de oitenta anos, o seu manifesto para nada influíu nin no levantamento de 1846 nin no movemento rexionalista da segunda metade do século. O propio Durán admite, finalmente, que a posición de Posse si se podería cualificar de protonacionalista [galega] vendo polo devir histórico o posterior fracaso do Estado centralista en cumprir os seus obxectivos económicos e sociais durante todo o XIX e o XX (Durán López; 2008: 159).

Con todo isto tamén coincide en parte Mariño Paz (2008: 138-139), para quen queda claro que a proposta independentista de Galicia non tiña conexión ningunha nin coa súa obra anterior nin coa posterior, o que non significa que “ao galego de Soesto tal idea lle nacesse subitamente entre marzo e abril de 1820 sen que nunca antes cavilase niso nin sentise a ninguén especular con esa posibilidade”. Mariño cita ó respecto unha publicación de novembro de 1819, *El Español Constitucional*, dos constitucionalistas españois exiliados en Londres, na que sacaban a luz unha carta na que se daba conta das conversas que con frecuencia se mantiñan para declarar a independencia das provincias, non soamente por Galicia, senón tamén por toda España. Tras cinco anos de despotismo fernandino, en certos grupos progresistas pensábase que a superación do estado de prostración política, económica e moral podería vir da “independencia de las Provincias”, acaso seguida despois dunha

¹ BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (1981): *Historia de Galicia. IV Edade contemporánea*; Galaxia (p. 244) e (2009): *Historia social da Guerra da Independencia en Galicia*; Edicións Xerais, Vigo (p. 177-187).

federación “por medio de vínculos indisolubles de una representación nacional y de una constitución”. “¿Non puido Posse sentir falar de tales cousas por volta de 1819 ou 1820 ou incluso participar el mesmo nalgunha daquelas conversas?”, pregúntase Mariño (2008: 139).

O que está fóra de toda dúbida é o seu galeguismo afectivo, analizado in extenso por Lema Suárez (1998: 35-49) e Mariño Paz (2008: 134-140). Non debe pasar desapercibido que, malia vivir en Galicia tan só os doce primeiros anos da súa vida, se sentía identificado moito máis con Galicia que con León. Sen esquecer os problemas leoneses, preocúpalle moito máis os da súa terra nativa. Nalgunha ocasión chega a declarar o seu amor “vivísimo” pola súa patria, e esa patria é sempre Galicia.

Como xa adiantamos, a partir de 1820, ó se perder o derradeiro capítulo das súas memorias, non se sabía máis nada da vida de Posse. No apartado final, Richard Herr apuntaba só algúns datos entre 1820 e 1834: que en 1823 sufrirá nova persecución polo seu comportamento no Trienio Liberal; os seus inimigos pensaban denunciálo á Inquisición, pero, como esta non se restableceu no segundo período absolutista de Fernando VII, o crego estaba libre en 1824 (dato adiantado nas memorias, pois nese ano volveu a Lánaves de visita). “No sabemos si lo encarcelaron otra vez, pero como nunca lo expresa, se puede pensar que no” (Posse/apud Herr 1984: 293).

Pois resultou que si, que volvería á cadea. En 1827 os seus inimigos procesaríano unha vez máis, por obra e graza dun vello inimigo seu, Fernando Ortiz de la Tabla, provisor eclesiástico do bispado de León, por se ter insolentado con el. O Tribunal de Gracia [eclesiástico] condenouno a reclusión no convento dos franciscanos descalzos de León, desposuíndoo das facultades propias do sacerdocio (celebrar misa e confesar) e relegándoo ó estado de simple crego irregular. Por se iso non abundase, tamén lle incautaron os seus bens. Por este proceso, vemos que Posse mantivo o seu espírito rebelde e inconformista, ata o punto de ser chamado “clérigo inobediente”. A súa rebeldía queda manifesta cando, facendo caso omiso da condena, seguiu oficiando e mesmo chegou a fuxir do convento; por todo isto, o fiscal eclesiástico chegou a solicitar para el prisión perpetua. O seu avogado recorre á Chancelería de Valladolid, pero o máis seguro é que tales reclamacións non desen resultado, pois foi condenado a pagar as custas do xuízo, e todo leva a pensar que fixo canto estivo da súa man para demorar o cumprimento de tal mandato. Por non saber, nin sequera sabemos se algún día o cumpriu; de seguro que aínda non o fixera nos primeiros días do mes de xaneiro de 1828, e poida que tampouco catro anos e medio despois, en xuño de 1832².

Finalmente, en 1995, once anos despois de que R. Herr publicara as memorias de Posse, a familia que actualmente vive na Casa Vella ou de Mariana de Soesto achou un opúsculo



Casa Vella ou Casa de Mariana, de Soesto, onde naceu Posse (foto X.M.Lema)

impreso de 27 páxinas, datado en 1838, con este título: *Plática Tercera por don Juan Antonio Posse, cura párroco de San Andrés, en continuación de la orden del gefe político. Para el cuarto domingo 28 de Enero de 1838. León: Imprenta de D. Cándido Paramio, calle de la Rua. Setiembre de 1838* (texto completo en Posse /apud Lema (1998).

Tres anos despois demos a coñecer o contido deste documento, no que o noso

² Véxase o texto completo deste proceso en Posse/apud Lema (2008: 175-199).

crego leva a cabo unha profunda análise da Constitución de 1837. As loanzas que el dedicara vinte e cinco anos antes á Constitución de 1812, transformaranse agora en acedas críticas cara á segunda das constitucións españolas que, aínda que redactada polos liberais progresistas, acabara por facer moitas concesións ós moderados. A análise que el fixo desta constitución suscribiríaa calquera historiador de renome da actualidade; só que el a fai de inmediato e non coa perspectiva do paso dos anos.

Nesta *Plática Tercera* vai criticar sobre todo as excesivas prerrogativas que se lle daban ó monarca na Constitución, polo cal é lóxico que volva aflorar o seu republicanismo nunca esquecido. Con tales prerrogativas, aventura un intervencionismo real que non tardará en se ver cumprido, sobre todo no reinado de Isabel II.

O seu progresismo no eido político e social parece transformarse, non obstante, en conservadorismo en materia relixiosa, pois volve defender a presenza da relixión no texto constitucional como xa o fixera en 1812. Pero, como xa adiantamos, esta súa relixiosidade dista moito das posturas reaccionarias, pois xa en 1812 fixera unha condena expresa da intolerancia e do despotismo relixioso e, por ende, da Inquisición (“Nunca fue más pura la Fe... que en los primeros siglos de la Iglesia, cuando no había inquisición”, [Posse/apud Herr 1984: 268]). Seguía bebendo, polo tanto, nas fontes xansenistas do séc. XVII, que tamén propugnaban a volta á pureza dos primeiros tempos do cristianismo como remedio á corrupción da xerarquía eclesiástica.



Llánaves, o primeiro curato de J.A.Posse (foto X.M.Lema)

Nesta análise do texto constitucional tamén defende o clero secular e o seu dereito a participar na vida política, en particular nas Cortes, e volve loar o colectivismo agrario de Llánaves (“por esta razón allí no hay ricos ni pobres, no hay vicios ni escándalos, de manera que en cuatro años que allí he vivido de cura, ninguno del pueblo me pidió limosna” (Posse/apud Lema 1998: 7).

A «Plática» de 1838 era o último escrito e tamén o

último dato que tiñamos de Posse. Richard Herr supoñía en 1984 que morrera sendo cura de San Andrés, pero posiblemente o que el non imaxinaba era que o seu óbito tardase anos en producirse: xustamente o 13 de maio de 1854, á lonxeva idade de 87 anos³. No seu testamento, redactado o 31 de xaneiro de 1854 “allándose enfermo, pero en mi caval juicio y entendimiento natural”, destina á Biblioteca Provincial de León o diccionario económico de Chozel, “de cuatro tomos en pasta y en francés” e nomea herdeira de todos os seus bens á súa sobriña Tomasa Posse, veciña de San Andrés, pasando logo a facer unha firme declaración de fe relixiosa no seo da Igrexa Católica, Apostólica e Romana, advertindo que “si en mis papeles escritos, traducciones, extractos, apuntaciones y demas, se allare alguna cosa contraria á la religión de esta Sta. Yglesia declaro que no son mías ni conforme a mi voluntad”. No texto testamentario nada hai que o leve a rectificar das súas ideas político-sociais de toda a vida⁴. Podemos dicir que morreu fiel ós seus ideais.

³ Véxase o texto da súa partida de defunción en Posse/apud Lema (1998: 54).

⁴ Véxase o texto do testamento ó completo en Posse/apud Lema (1998: 54-55).

Comentarios e análises á vida e á obra de J. A. Posse

As memorias escritas en 1834 por J. A. Posse permaneceron inéditas ata a década de 1880, cando o seu propietario llas amosou ó intelectual e político leonés **Gumersindo de Azcárate** (deputado republicano e catedrático de lexislación comparada na Universidad de Madrid). A Azcárate interesoulle sobre todo o caso do reparto periódico de terras comunais en Llánaves e axiña deu conta disto no *Boletín* da Institución Libre de Enseñanza, en 1883 (Azcárate; 1883, t. VII, p. 147); oito anos despois, 1902, nun discurso de apertura de cátedras do Ateneo de Madrid, volveu citar textualmente o relato de Posse do reparto comunal de Llánaves⁵.

O segundo persoeiro en se interesar polo crego galego, segundo Herr, foi **Joaquín Costa**, o formulador do rexeneracionismo, amigo de Azcárate e interesado tamén pola preservación da propiedade colectiva do solo en España. Na súa obra *Colectivismo agrario en España* inclúe a Posse entre os reformadores que encontraron na propiedade colectiva solucións ós problemas sociais; de Posse cita as mesmas frases eufóricas de Azcárate e engade outras sobre o reparto de Llánaves.

Xa nos nosos días, o hispanista estadounidense **Richard Herr** (1984) detense nos aspectos que máis lle chamaron a atención: empeza establecendo comparanzas e diferenzas con outros españois contemporáneos seus que tamén deixaran escritas as súas memorias: Manuel de Godoy (1767-1851), José M^a Blanco White (1775-1841) etc. Con Godoy, nada ou case nada tiña en común, pois o Príncipe da Paz fala do mundo da corte e Posse do dos campesiños. Blanco White, de familia acomodada sevillana, fora cura rebelde coma el, e coincidiron os dous en denunciaren o escurantismo da Igrexa da época e o prexuízo terrible que a Inquisición representaba para o país; este presbítero tamén se interesa pola lectura de libros prohibidos, e

isto dá pé a Herr para salientar o mérito de Posse por ser quen a acceder a estas lecturas do mundo da Ilustración no pechado ambiente do mundo rural. Tamén co ilustrado Jovellanos compartía a crítica cara á Igrexa, pero no político e no económico eran radicalmente distintos, xa que, mentres o asturiano defendía a propiedade privada, base do liberalismo decimonónico, Posse defende a colectiva, xa antes de chegar a Llánaves. Polo tanto, mentres Jovellanos representa a cara individualista da Ilustración, Posse representa a colectivista, idea tomada seguramente de J.J. Rousseau (considera as riquezas a causa da corrupción de todos os pobos).

O seu pensamento político maniféstase na defensa da Constitución de 1812, co seu famoso sermón. O seu entusiasmo vén dado porque a Carta Magna promulgada en Cádiz proclama a liberdade e a




⁵ Na actualidade, na entrada de Llánaves hai un gran panel de información turística da vila do que un dos apartados –*El colectivismo agrario*– está recollido do relato de Posse, contido na p. 61 das súas memorias (Posse/apud Herr 1984: 61).

igualdade dos cidadáns, e, polo tanto, eliminará os funestos señoríos feudais e as monarquías absolutas (“El discurso de Posse respira un aire republicano mal disfrazado”, precisa o analista). O suposto igualitarismo constitucional permitirá que por fin todos (galegos, andaluces, casteláns...) poidamos ser españois, en sendo homes libres e non escravos dos reis. Felicita tamén ós lexisladores de Cádiz pola inclusión do artigo 12, que declara a relixión católica como oficial e única da nación española, prohibindo o exercicio de ningunha outra; neste punto el considera que a Constitución daría pé a volver á “relixión santa” dos primeiros tempos da Igrexa, o que implicaría a abolición do tribunal da Inquisición. No seu discurso ou sermón constitucional Posse trata de evitar pezas oratorias extravagantes e baleiras, tratando de se achegar á linguaxe do pobo.

Nos anos críticos da ocupación francesa Herr salienta o seu patriotismo, que o levou a rexeitar unha coenxía ofrecida polo goberno intruso. Non é, polo tanto, un afrancesado, malia as iniciais simpatías que sentira polos primeiros anos da Revolución francesa e polas súas ideas: o cesarismo de Napoleón desvirtuara as ideas revolucionarias. Posse fainos reflexionar nos sufrimentos dos non combatentes na guerra contra os franceses.

Noutra orde de cousas, Herr repara nos valiosos detalles antropolóxicos do seu relato (as supersticións de Galicia, os costumes de Llánaves, os vestidos típicos de San Andrés...), no seu espírito turístico (as súas viaxes a Galicia, en especial), as pasaxes emotivas (a descrición de Llánaves, as escenas da guerra, pero en especial cando volve por primeira vez a Galicia para ver á súa familia tras unha ausencia de once anos e escoita xa polo camiño as voces do seu case esquecido idioma materno). O odio e desprezo que sentía polo clero é outro dos aspectos que o comentarista destaca.

“La obra de Posse nos gana y cautiva. Aunque no es un gran escritor, ha leído a los autores clásicos y modernos, y toma a los primeros como modelo, a la par que preserva una sencillez y rectitud notables. Es más realista que romántico, aunque sus páginas tengan pizcas de romanticismo. Al manuscrito le falta un repaso, quedan confusiones. Pero su unicidad y el interés histórico y humano de su contenido suplen lo que falta de estilo. Posse merece un puesto en la historia de las letras españolas” (Posse/apud Herr 1984: 292).



Xosé M^a Lema Suárez (1998), na primeira parte do seu estudo fai un resumo das memorias vitais deste “neno labrego galego transplantado ó reino de León”, para despois deterse nos aspectos máis salientables da súa personalidade e pensamento: a) un crego ilustrado, anticlerical e colectivista; b) a súa atinada visión histórica do momento que stá a vivir; o amor «vivísimo» por Galicia; d) as súas periódicas viaxes a Galicia: morriña pola terra nai; e) a consideración da lingua galega nas

súas memorias. En colaboración co debuxante Roberto Mouzo, Lema reconstrúe en catro mapas as viaxes de Posse: a saída de Galicia a León (1790), cando tiña 12 anos, levado por seu pai de Soesto a Las Muñecas, pasando por Santiago e Lugo); a primeira viaxe ó lar natal (1790), cando tiña 23 anos, de Valladolid a Soesto, pasando por Lugo a Santiago; a cuarta viaxe, de León a Soesto (1810 ou 1811), cando tiña 44 ou 45 anos; a quinta viaxe (1812), de León a Soesto pasando por Lugo e A Coruña (a volta fixéraa por Santiago e Portomarín); a quinta viaxe (1819), cando tiña 53 anos: de León a Soesto, botando cinco meses na casa natal,

aproveitando para visitar a comarca: Corme, o santuario da Barca en Muxía etc. Neste opúsculo tamén hai unha atención especial para a análise do posible primeiro manifesto nacionalista galego de 1820 e a evolución ideolóxica de Posse despois de 1820. Ademais do texto completo da «Plática Tercera» de 1838 –e do comentario correspondente- tamén se publican catro documentos: a súa partida de bautismo (1766); unha citación notarial de 1819 a Mariana Varela, a súa nai; a súa acta de defunción (1854) e o seu testamento (1854).

O profesor da Universidade de Cádiz, **Fernando Durán López**, estudou a Posse por mor da elaboración da súa tese de doutoramento sobre as autobiografías dos séculos XVIII e XIX. Froito desta investigación foi a posterior publicación da obra *Vidas de sabios. El nacimiento de la autobiografía moderna en España (1733-1848)*, en 2005, na que se analizan polo miúdo, especialmente desde o punto de vista literario, estilístico etc., as autobiografías duns vinte persoeiros das letras españolas do séc. XVIII e primeiro terzo do XIX, tales como Manuel Martí, Gregorio Mayáns, Fr. Martín Sarmiento, Tomás de Iriarte, Sebastián Miñano, Gaspar Melchor de Jovellanos, Leandro Fernández de Moratín, José Mor de Fuentes, Juan Antonio Posse e outros.

Para F. Durán, Posse é un dos principais protagonistas do seu estudo, dedicándolle á súa figura case en exclusiva cerca de 40 páxinas: as comprendidas nos apartados 8, 9 e 10 do capítulo III, no 4 do capítulo V, no 7 e o 8 do VII, e o 5 dos capítulos VIII e do IX. Como punto de partida, salienta de Posse o feito de que nunca esqueceu as súas humildes orixes rurais. Polo que respecta ó seu pensamento, subliña a súa pertenza á corrente menos individualista da Ilustración, a menos liberal, pois sempre se amosou partidario da propiedade colectiva agraria. A esta postura radical súmanse outras que malamente casaban coas dos constitucionalistas de 1812: a súa firme crenza na lexitimidade da soberanía popular por enriba de calquera xustificación histórica, a súa defensa do sistema republicano, e a súa sorprendente proposta de converter Galicia en independente, que, na opinión do investigador,

“no es sino la formulación extrema de una cualidad que asoma por toda su obra escrita: un intenso sentimiento de pertenencia a su tierra natal, que ha podido ser interpretado modernamente como protonacionalismo gallego” (Durán López; 2005: 246).

Para Durán, máis aínda que as súas ideas, o máis atractivo do crego é a personalidade que revela a súa escritura nas únicas tres obras que lle coñecemos:

“[Posse] es uno de esos escritores anónimos postergados por una coyuntura histórica, un modo de vida y una suerte personal que han contribuído a oscurecerle (...), pero en sus líneas brilla una mente lúcida y vigorosa (...). Sin duda, España ha perdido en él un gran escritor que apenas nos ha dejado algunos retazos de un talento que no pudo nunca dejar de salir. Todo esto le convierte en una figura peculiar del primer liberalismo español, que necesitaría un estudio más detallado...” [Durán López; 2005: 246-247].

Nas páxinas seguintes deste capítulo, Durán analiza polo miúdo a *Historia biográfica* do crego, capítulo a capítulo (pp. 248 e ss). Nesta análise salienta o carácter antropolóxico da súa prosa, pola súa excelente descrición da vida campesiña galega e leonesa do seu tempo, a súa sensibilidade rousseuniana, o seu dominio dos recursos do seu estilo literario. Todo isto e moito máis leva ó investigador a afirmar que

“las memorias de Posse son de las más avanzadas, lúcidas y completas de su tiempo” (Durán López; 2005: 252).

No capítulo VII, dedicado ós relatos de infancia, volve a figura de Posse a cobrar gran protagonismo, por ser un dos poucos autobiógrafos da época que se detén a narrar polo miúdo os primeiros anos da súa vida, quizais aventurando á maneira freudiana a influencia que estes actos –negativos na súa maior parte- tiveron na súa etapa adulta. Por unha parte, o

crego lembra unha infancia penosa, “máis triste que la de otros hombres”, e fala da brutalidade dos costumes da súa aldea, do xenio colérico do seu supersticioso pai –o seu freudiano contramodelo ó que por nada quere parecerse e que intenta superar-. Paradoxalmente, cando en 1790, ó cabo de doce anos, volta a Galicia por vez primeira desde que marchara, temos a impresión de que o país bárbaro que deixara na súa infancia se tornara nun verxel, nun paraíso insuperable; nesta viaxe aparece por primeira vez a figura da nai, a quen trata –tamén moi freudianamente- con moito agarimo, e estas vacacións xuvenís serán recordadas para sempre como un idílico reencontro coa súa Terra de nacemento. A partir de entón nunca perderá este lazo sentimental coas súas orixes, mesturado con outro risco do carácter do eclesiástico que o distingue dos seus contemporáneos: o seu intenso amor por Galicia.

No capítulo VIII, dedicado á vida cotiá, “el espacio de lo íntimo y lo privado”, a figura de Posse analízase no apartado 5 (“Posse, una vida completa” [Durán López; 2005: 448-454]. Trátanse nestes capítulos as vidas amorosas contadas nas autobiografías.

Por último, no capítulo IX, dedicado á historia e á política, dedícase ó presbítero o apartado 5 (“Posse, el hombre que vio la revolución”, [Durán López; 2005: 477-481]. Polo menos en dous momentos distintos, o xa ancián Posse –redactou as memorias pasados os 67 anos- agrádecelle a Deus ter visto a revolución. Neste apartado analízase a incorporación da historia externa ó seu relato autobiográfico, que empeza como momento clave o ano 1808, o da invasión francesa, o ano da revolución importada de Francia. Despois virán os problemas polas súas ideas políticas, polo seu anticlericalismo, pola súa crítica á Inquisición, pola súa velada defensa do sistema republicano, explícita nas súas memorias:

“por eso los malos quieren Monarquía, para engañar más fácilmente, y los buenos República, para no depender sino de las leyes” (Posse/apud Herr 1984: 160)..

Neste apartado Fernando Durán dará remate ó seu pormenorizado, vivo e sincero estudo da autobiografía do noso ilustre paisano, con esta afirmación rotunda:

“En síntesis puedo decir que Posse ofrece el panorama más rico y completo de todos los autores de este estudio en este capítulo. Su mentalidad moderna le hace finalmente consciente de su personal condición histórica, del entorno por el que se vio determinado en hechos trascendentales de su vida, pero sabe también centrarse en esa vida, iluminándola con la historia de su tiempo y no oscureciéndose a sí mismo con ese deslumbramiento” (Durán López; 2005: 481).

Na súa intervención na *I Xornada sobre a figura de J. A. Posse* o 27 de abril de 2007 en Laxe, **Fernando Durán López** presentou o estudo máis completo sobre a vida e a obra deste “cura de aldea”, centrada en sete puntos⁶: o 1º é unha especie de introdución onde razoa o seu interese pola figura do sacerdote galego, un escritor inxustamente esquecido “autor de los mejores y más complejos libros de memorias de su tiempo.”

“A Posse le adjudico un papel destacado en la historia de la autobiografía española y le dediqué bastantes páginas. (...) No son sus ideas lo más atrayente de Juan Antonio Posse, con serlo mucho, sino la personalidad que revela su escritura en la tres obras que hoy en día le conocemos; el cura de San Andrés es uno de esos escritores anónimos postergados por una coyuntura histórica, un modo de vida y una suerte persoanal que han contribuido a oscurecerle y a no dejarle ocupar un puesto protagonista, pero en sus línea brilla una mente lúcida y vigorosa, unas ideas capaces de encarnarse en palabras conmovedoras. Sin duda España ha perdido en él un gran escritor que apenas nos ha dejado algunos retazos de un talento que no pudo nunca dejar salir. Todo lo convierte en una figura peculiar del primer liberalismo español, que necesitaría de un estudio más detallado y que sin duda lo hubiera merecido ya, si hubiera dejado más obra escrita” (Durán López; 2008: 149-150).

⁶ Durán López, F. (2008): ‘Juan Antonio Posse o la revolución de la subjetividad: hechos e interpretaciones en torno a un cura de aldea’, en *Actas da I Xornada sobre a figura de don Juan Antonio Posse (Laxe 27 de abril de 2007)*, pp. 149-170.

No remate deste punto anuncia que nos seguintes puntos vai tratar dun modo xeral o *sentido* e o *valor* da obra de Posse, indicando o que para el ten de escritor importante, o que ten de orixinal e de meritorio, e para iso tentará fuxir de calquera localismo –galego ou leonés- “formulando una respuesta a esa pregunta en términos universales, conectando a Posse con los movimientos ideológicos de su siglo”.

No punto 2 analiza os feitos obxectivos: a obra escrita do crego (posterior a 1812: o sermón constitucionalista deste mesmo ano –o seu primeiro impreso coñecido-; as súas colaboracións periodísticas no xornal coruñés *El Ciudadano por la Constitución*, de 1813; as memorias escritas en 1834 –e non coñecidas ata 1916-; a *Plática Tercera* de 1838).

No punto 3 repasa os matices e implicacións do seu pensamento, que motivaron que os diversos comentaristas da súa obra se achegasen a el por ideas moi distintas: G. de Azcárate polo réxime de propiedade agraria; Richard Herr pola súa condición de representante do pensamento ilustrado partidario da propiedade comunal; outros pola proposta arredista galega e o seu amor á terra natal; outros pola súa relación co idioma galego...



No punto 4 cuestiona a cualificación de protonacionalista galego para Posse, dado que nos seus sermóns constitucionalistas sempre defendeu a idea liberal de nación identificada con España, de carácter unitario, articulada sobre a igualdade xurídica dos cidadáns, sobre o estrito fundamento dos dereitos individuais.

Como xa se dixo antes, Durán avisa que é unha proposta confederal máis que independentista, lanzada contra os que desde 1820 van ser chamados «doceañistas», os liberais moderados.

“Ahora bien, el desengaño hacia el centro político y el fracaso del Estado centralista en cumplir sus objetivos económicos y sociales ha sido durante todo el XIX y el XX un de los más activos acicates de los regionalismos y nacionalismos periféricos en España, con lo cual la posición de Posse, en ese sentido, sí podría calificarse de protonacionalista” (Durán López; 2008: 159).

A proposta confederal de Posse, precisa Durán, non resulta tan illada nin extemporánea, pois habería que relacionala coa corrente descentralizadora do liberalismo máis extremo e revolucionario, esencialmente urbano e burgués.

No punto 5 discútese que Posse sexa, en efecto, «un cura liberal»: para Durán non o é estritamente. Para o investigador só se pode considerar liberal stricto sensu no que afecta á defensa do réxime político gaditano desde 1812 (“tal como se entiende ese término en el tiempo de las Cortes de Cádiz”); é máis ben un home da Ilustración, formado no pensamento xansenista e cunha mentalidade formada na filosofía rouseauniana (a idea da igualdade orixinaria dos seres humanos). Non é liberal nin no económico nin no social, pois defende a concepción máis popular da soberanía e propugna a propiedade comunal fronte á desamortización de bens vinculados.

Tras o repaso crítico ás ideas políticas e relixiosas de Posse, no punto 6 o profesor gaditano céntrase na verdadeira orixinalidade do crego galego: a calidade da súa escritura, principalmente. Amósase de acordo cos que salientan a importancia das memorias possianas para a historia da vida cotiá galega e leonesa da época. Durán pon de relevo parágrafos das memorias que considera admirables, e reafirmase na idea de que a autobiografía do eclesiástico é a máis complexa e moderna de cantas se escribiron en España durante todo o séc. XVIII e a primeira metade do XIX. Salienta tamén os capítulos dedicados á nenez, cousa nada habitual na época, pois a infancia case non aparecía nas biografías.

“Posse es uno de los poquísimos escritores que llevan en España al extremo los caminos marcados por Rousseau a la subjetividad del hombre moderno y el único que lo hace por medio de una autobiografía. (...) Ese fue el motivo de que en mi tesis doctoral yo situara en Posse, a pesar de que sus memorias estén incompletas y sean a veces muy desiguales, la culminación del proceso de desarrollo de la autobiografía moderna en España y uno de sus mejores ejemplos” (Durán López; 2008: 166-167).

Neste punto non esquece o comentarista a enérxica defensa que fai o sacerdote na *Plática Tercera* do clero secular, ó que el pertence, malia que el criticara moitas veces a ruindade do clero tradicional, situándoo entre as maldades do mundo.

No punto 7 e último o analista fala da frustración vital que experimenta Posse cando en 1834 –con 67 anos- escribe as súas memorias, idealizando unha infancia que nun principio cualificara de triste, evocando a vida rural e sinxela das parroquias leonesas que deixara pola máis urbana de San Andrés... Pensa Durán que este pesimismo, esta frustración vital achégao ó romanticismo: o peso do subxectivo por enriba da obxectividade da razón, evidente na escritura de Posse, é un risco romántico, aprendido de Rousseau.

“El galleguismo de Posse es en buena medida un acto de exaltación de la memoria subjetiva, pero también de la idealización de las identidades colectivas cercanas y diferenciadas” (Durán López; 2008: 169).

En suma, que o que fai que Posse estea preparado para encarnar na súa propia vida o cambio cara á mentalidade romántica é talvez a súa condición profundamente rural, o elemento que máis o caracteriza. Por iso para Durán o que mellor o define, moito máis que un cura liberal, un protonacionalista ou un xansenista é que foi, por encima de todo, un cura de aldea, que fora como o definira G. de Azcárate en 1883.

Outros analistas da vida e obra de Posse

Ademais de todos os citados neste traballo, **Alberto Gil Novales** foi outro dos investigadores españois interesados pola vida e obra de J. A. Posse: a salientar unha recensión á aparición de *Un novo documento de don Juan Antonio Posse: a Plática Tercera (1838)*, no mesmo ano da publicación desta obra (1998), e a publicación na Internet dunha breve biografía do crego: «Posse, Juan Antonio (1766-1854)».

Na I Xornada sobre a figura de D. Juan Antonio Posse, de Laxe (27 abril 2007), tamén participaron os seguintes investigadores: **Ana María Romero Masiá**, que analizou o liberalismo coruñés dentro do contexto do liberalismo galego do séc. XIX; **Xosé M^a Méndez Doménech**, que falou da familia Doménech, fomentadores cataláns da pesca presentes en Laxe desde 1760 (Posse tivera amizade con algúns dos seus membros), e **Pegerto Saavedra Fernández**, que analizou o clero galego na vida e época de Posse⁷.

Confiemos en que o noso ilustre crego oriúndo deste “extremo da Europa occidental” que é a Costa da Morte, sexa tido en conta e que se siga investigando sobre el e a súa obra. A ver se polo camiño se cumpre o desexo de R. Herr, esbozado en 1984, e se dan atopado por algún

⁷ Véxanse as súas intervencións nas *Actas da I Xornada* (2008).

arquivo oficial ou particular as súas memorias para saber qué máis cousas lle aconteceron, ademais do seu proceso de 1827, no período que vai de 1820 a 1834.

Juan Antonio Posse e a lingua galega

Outro dos aspectos que centraron a atención foi a consideración da lingua galega na obra de J. A. Posse, particularmente nas memorias. José Luis Pensado, nun artigo xornalístico de 1985, salientaba que, malia pasar case toda a súa vida fóra de Galicia, a súa prosa aínda rexistraba algún que outro galeguismo léxico (*furna, tolete, refaixos, foles, regacho, fuliada...*) e sintáctica (*una marejada hubo de echarnos a pique* etc.). Lema Suárez (1998: 50-51) tamén se ocupou deste aspecto, salientando o feito de que, aínda que o crego abandonara o uso do galego unha vez instalado definitivamente en León, tivera unha manifesta simpatía e consideración cara a súa lingua materna, o que non era moi de esperar na época.



Igrexa de Las Muñecas (León)

Cando seu pai o levara ós 12 anos de Soesto a Las Muñecas, aquel neno só falaba galego e nada máis que galego, pero iso non ocasionou o desprezo dos veciños daquela localidade leonesa, senón que espertou neles curiosidade e respecto pola lingua que falaba o rapaciño:

“Mi lenguaje tan diferente del suyo les agradaba; me preguntaban cómo se llamaba en mi tierra cada cosa, o bien fuese por curiosidad, o por hacérseme agradables y cariñosos” (Posse/apud Herr 1984: 21).

Pero o seu tío Andrés, párroco da localidade, xa rexistraba un alto grao de autodio idiomático:

“A mi tío no le gustaba esta familiaridad; no sé si esto era por avergonzarse de la gerigonza de su país, o porque creyesen que me traía hambriento en su casa” (Posse/apud Herr 1984: 21).

Cando volva a Galicia en 1790, tras once anos de ausencia, só se expresará na lingua de Castela, de tal xeito que os que falan con el o confunden cun viaxeiro castelán. El mesmo recoñece que o feito de se expresar en castelán lle daba un plus de prestixio:

“Yo hablaba castellano, y esto era más que suficiente para primar en una tierra en que todos deseaban saberle, aunque a mí me pareciese incomparable la dulzura y flexibilidad de la lengua gallega, sobre todo en la boca de las mujeres” (Posse/apud Herr 1984: 34).

O profesor Ramón Mariño Paz (2008: 121-134) abordou de cheo a biografía lingüística do crego Posse no contexto dos usos e actitudes lingüísticas imperantes no seu tempo: o monolingüismo galego da súa infancia e o seu cambio definitivo ó castelán na súa adolescencia, lóxicos pola súa inmersión lingüística en León. Mariño, que identificou polas iniciais os artigos de Posse na publicación dos liberais coruñeses *El Ciudadano por la Constitución* (de 1813), considera lóxico estes aparecesen en castelán e non en galego, dado que “naquel tempo non era corrente nin doado publicar en galego nin sequera dentro de

Galicia". Así e todo, lembra o analista, no ámbito liberal coruñés apareceron en 1814 tres textos en lingua galega, que eran, con certeza, obra do xornalista Manuel Pardo de Andrade. Posse tiña simpatía pola súa lingua de nacemento, e valorábaa, pero vivindo como vivía en León seguro que nunca pensou na posibilidade de escribir na lingua nai (dado o lamentable estado de abandono que esta sufría, ademais.). Nas súas conclusións, Mariño Paz (2008: 132-133) formula preguntas coma estas: "Logo da súa instalación en castelán, ¿mantivo sempre esta lingua no trato cos familiares máis próximos, residentes en Galicia ou residentes con el nos distintos destinos leoneses nos que exerceu? ¿Foi a súa viaxe ao castelán unha viaxe sen ningunha sorte de retorno?"



O comentarista confesa que carece de respostas a estas preguntas, pero ten a impresión de que o cambio lingüístico da súa adolescencia foi en liñas xerais definitivo, fóra de usos menores de uso circunstancial en galego, especialmente probables nas súas diversas viaxes a Galicia. No seu castelán escrito mesmo aparecen trazos tan alleos ó castelán de Galicia coma o laísmo. O cambio de residencia pesou moito, sendo a súa experiencia semellante á que experimentaran o padre Feixoo e o padre Sarmiento. "Naquel tempo a mobilidade social e a mobilidade xeográfica xogaban sempre en contra do idioma galego" (Mariño Paz; 2008: 134).

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- AZCÁRATE, G. DE (1883): "Vestigios del primitivo comunismo en España"; *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, t. VIII, nº 157 (31-VIII), pp. 247-248.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (1984).- «As memorias dun cura liberal galego», revista *Outeiro*, nº 14, setembro; Caixa Galicia, pp. 21-22.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (1985).- «O clero liberal galego: Xoán Antonio Posse», revista *Outeiro*, nº 16, abril; Caixa Galicia, pp. 54-55.
- COSTA, J. (1944).- *Colectivismo agrario en España*; Buenos Aires (cap. 3, sección 16, pp. 148-150).
- CUENCA TORIBIO, J. M. (1985): «[Recensión de] Memorias del cura liberal don Juan Antonio Posse con su Discurso sobre la Constitución de 1812», *Revista de Estudios Políticos*, t. 45, 5-6, pp. 256-260.
- DURÁN LÓPEZ, F. (1997): «El campo y la ciudad en los albores de la autobiografía moderna en España (Mor de Fuentes, Posse, Somoza)», en *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo*; nº 4-5, pp. 81-97; Cádiz.
- DURÁN LÓPEZ, F. (2001): *La autobiografía moderna en España: nacimiento y evolución (siglo XVIII y principios del XIX)*; tese de doutoramento lida na Universidad de Cádiz, baixo a dirección de Alberto González Troyano.

- DURÁN LÓPEZ, F. (2002): «La autobiografía como fuente histórica: problemas teóricos y metodológicos», *Memoria y civilización* (Universidad de Navarra, Pamplona), nº 5, pp. 153-187.
- DURÁN LÓPEZ, F. (2005): *Vidas de sabios. El nacimiento de la autobiografía moderna en España (1733-1848)*; CSIC / Instituto de la Lengua Española, Madrid; 513 pp.
- DURÁN LÓPEZ, F. (2008): «Don Juan Antonio Posse o la revolución de la subjetividad: hechos e interpretaciones en torno a un cura de aldea», en X. M^a Lema Suárez (ed.): *Actas da I Xornada sobre a figura de D. Juan Antonio Posse, o crego liberal, con motivo do 240 aniversario do seu nacemento (Laxe, 27 de abril de 2007)*.
- GIL NOVALES, A. (1998): «[Recensión de] Xosé M^a Lema Suárez (editor): *Un novo documento de Don Juan Antonio Posse. A 'Plática Tercera' (1838)*», Introducción, edición e notas de..., Cuadernos de Estudios Gallegos. Monografías 3. Santiago de Compostela 1998, 99 páxs., en *Trienio*, nº 32, novembro de 1998).
- GIL NOVALES, A. (s/d): «Posse, Juan Antonio (1766-1854)», en *La web de las biografías* (<http://www.mcnbiografias.com/app-bio/do/show?key=posse-juan-antonio>).
- HERR, R. (1999): «[Recensión de] Xosé M^a Lema Suárez (editor): *Un novo documento de Don Juan Antonio Posse. A 'Plática Tercera' (1838)*», n'A *Trabe de Ouro*, nº 39 (xullo-setembro), pp. 101/397-104/400.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (1984): «Datos inéditos sobre J. A. Posse, crego liberal natural de Soesto (Laxe)», suplemento 'Cuaderno de Cultura' (s/p) de *La Voz de Galicia*, 9-8-1984.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (1985a): «Máis datos biográficos inéditos sobre J. A. Posse, o crego liberal», suplemento 'Cuaderno de Cultura' (s/p) de *La Voz de Galicia*, 12-9-1985.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (1985b): «J. A. Posse, párroco de San Andrés del Rabanedo [León]», suplemento 'Cuaderno de Cultura' (s/p) de *La Voz de Galicia*, 26-9-1985.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (2006): «Don Juan Antonio Posse, o crego liberal: figura senlleira de *Vidas de sabios*, un estudo das autobiografías dos séculos XVIII e XIX» [acoutación á obra de F. Durán López (2005): *Vidas de sabios. El nacimiento de la autobiografía moderna en España (1733-1848)*], n' *A Trabe de Ouro*, 65, pp. 51-58].
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (2008a): «Breve resumo da vida e obra de Don Juan Antonio Posse Varela», en X. M^a Lema Suárez (ed.): *Actas da I Xornada sobre a figura de D. Juan Antonio Posse, o crego liberal, con motivo do 240 aniversario do seu nacemento (Laxe, 27 de abril de 2007)*.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (2008b): «Un novo dato biográfico de don Juan Antonio Posse: o seu proceso e encarceramento de 1827. Comentario do editor», en X. M^a Lema Suárez (ed.): *Actas da I Xornada sobre a figura de D. Juan Antonio Posse, o crego liberal, con motivo do 240 aniversario do seu nacemento (Laxe, 27 de abril de 2007)*.
- MARIÑO PAZ, R. (2000): «O idioma galego na vida, na obra e na época de Juan Antonio Posse (1766-1854), Manuel Pardo de Andrade (1760-1832) e Francisco del Valle Inclán (1763-ca. 1808)», n'A *Trabe de Ouro*, nº 41 e 42.
- MARIÑO PAZ, R. (2000): «O idioma galego na vida e na época de Don Juan Antonio Posse», en X. M^a Lema Suárez (ed.): *Actas da I Xornada sobre a figura de D. Juan Antonio*

Posse, o crego liberal, con motivo do 240 aniversario do seu nacemento (Laxe, 27 de abril de 2007).

- MARTÍN-RETORTILLO BAQUER, L. (1985): «De un discurso sobre la Constitución y sus secuelas. Comentario al libro de Juan Antonio Posse, en edición de Richard Herr», en *Revista Española de Derecho Internacional*; Año 5, Núm. 3, Enero-Abril (pp. 245-253).
- MÉNDEZ DOMÉNECH, X.Mª (2008): «Os inicios da burguesía industrial en Laxe: a familia Doménech», en X. Mª Lema Suárez (ed.): *Actas da I Xornada sobre a figura de D. Juan Antonio Posse, o crego liberal, con motivo do 240 aniversario do seu nacemento (Laxe, 27 de abril de 2007).*
- PENSADO, J. L. (1985b): «Las memorias del ‘cura liberal’», en *La Voz de Galicia* 5-9-1985.
- PENSADO, J. L. (1991): «Las memorias del ‘cura liberal’», en *Galicia en su lengua y sus gentes (Ensayos)*, La Voz de Galicia, A Coruña, pp. 565-567.
- POSSE, J.A. (1984).- *Memorias del cura liberal don Juan Antonio Posse, con su Discurso sobre la Constitución de 1812* (edición a cargo de Richard Herr); Centro de Investigaciones Sociológicas / Siglo XXI; Madrid (293 pp.).
- POSSE, J.A. (1813).- *Discurso sobre la constitución que dixo Don Juan Antonio Posse, Cura Párroco de San Andres, Diócesis de León, al publicarla á su pueblos en veinte y nueve de noviembre de mil ochocientos doce*. Reimpreso á expensas de los Redactores del Ciudadano por la Constitución. En La Coruña: Oficina de Don Antonio Rodríguez. Año de 1813.
- POSSE, J.A. (1838).- *Plática Tercera por Don Juan Antonio Posse, cura párroco de San Andrés, en continuación de la orden del gefe político. Para el cuarto Domingo 28 de Enero de 1838*; Imprenta de D. Cándido Paramio, León.
- POSSE, J.A. (1998).- *Un novo documento de Don Juan Antonio Posse: a «Plática Tercera» (1838)* (introducción, edición e notas de Xosé Mª Lema Suárez), CSIC / Instituto de Estudios Gallegos ‘Padre Sarmiento’ (Cuadernos de Estudios Gallegos. Monografías, 3), Santiago de Compostela (99 pp.). Presentación de E. Pardo de Guevara.
- ROMERO MASIÁ, A.Mª (2008): «A Coruña, referente do liberalismo galego», en X. Mª Lema Suárez (ed.): *Actas da I Xornada sobre a figura de D. Juan Antonio Posse, o crego liberal, con motivo do 240 aniversario do seu nacemento (Laxe, 27 de abril de 2007).*
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. (2008): «O clero en Galicia nos tempos de don Juan Antonio Posse», en X. Mª Lema Suárez (ed.): *Actas da I Xornada sobre a figura de D. Juan Antonio Posse, o crego liberal, con motivo do 240 aniversario do seu nacemento (Laxe, 27 de abril de 2007).*
- SAURÍN DE LA IGLESIA, M. R. (ed.) (1997): *El Ciudadano por la Constitución (1812-1814)*. Edición facsímil al cuidado de María Rosa Saurín de la Iglesia. 2 vols. A Coruña, Deputación da Coruña / Biblioteca Nacional..